



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OZA-CESURAS

Convocatoria de concurso público para adquisición a título oneroso dunha edificación completa na zona urbana de Oza dos Ríos para patrimonio municipal

ANUNCIO

CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO (COMPRAVENDA) DUNHA EDIFICACIÓN COMPLETA CON ALOMENOS BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO-CULTURAL, ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.)

1.- Entidade adxudicataria: Concello de Oza-Cesuras.

2.- Obxecto do contrato: a adquisición mediante compravenda dunha edificación completa con alomenos baixo e unha planta, na zona urbana de Oza dos Ríos, patrimonio municipal (socio-cultural, administrativo, residencial, etc.), cuxas características e condicións se definen no epígrafe 1 do cadro de características do contrato que constitúe o anexo núm. I do prego de condicións.

3.- Procedemento: concurso público

4.- Prezo máximo: 130.000 euros, tributos incluídos (IVE ou Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, segundo proceda).

Non se admitirán gastos ou abono de comisións de calquera clase por parte da administración adquirente a favor de inmobiliaria, axente ou intermediario.

5.- Consulta do prego de condicións, obtención de copias e información: Na web municipal (www.concellodeozacesuras.es) ou nas oficinas municipais, sitas nas Casas do Concello de Oza dos Ríos e Cesuras. Neste último caso, dentro do prazo de presentación de ofertas, os días laborables, entre as 9,00 e as 14,00 horas.

6.- Presentación de ofertas:

a) Prazo: 10 días naturais a contar da publicación do correspondente anuncio no BOP

b) Documentación: a indicada no cláusula 9ª do prego de condicións.

c) Lugares de presentación: no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos ou Cesuras, en horario de 9,00 a 14,00 horas.

7.- Apertura da documentación administrativa e proposicións (sobre "A" e "B"): A Apertura da documentación administrativa ("A") e das proposicións ("B") terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello de Oza-Cesuras (sede de Oza dos Ríos) ao día seguinte hábil do remate do prazo de presentación de ofertas, no suposto de que non sexa necesario emendar a documentación do sobre "A". Se fose preciso emendar a documentación administrativa, a apertura da documentación administrativa ("A") terá lugar na data indicada e a das proposicións levarase a cabo na data que se publicará na páxina web do concello de Oza-cesuras (www.concellodeozacesuras.es) e se comunicará via email, con antelación suficiente, aos licitadores.

8.- Outras informacións: ver prego de condicións.

9.- Gastos dos anuncios: Será de conta do adxudicatario ata un máximo de 300 euros.

Oza-Cesuras, 16 de decembro de 2021

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

2021/8749